



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DO SOCIAL N. 1 REFUERZO VIGO

SENTENCIA: 00784/2017

CALLE LALIN NUM. 4-2º. VIGO
Equipo/usuario: CE

NIG: 36057 44 4 2017 0001901
Modelo: N02700

PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000381 /2017

Procedimiento origen: /
Sobre: ORDINARIO

DEMANDANTE/S D/ña:
ABOGADO/A: CRISTINA TOBIO VAZQUEZ
PROCURADOR:
GRADUADO/A SOCIAL:

DEMANDADO/S D/ña: CONCELLO DE VIGO
ABOGADO/A: LETRADO AYUNTAMIENTO
PROCURADOR:
GRADUADO/A SOCIAL:

SENTENZA

Vigo, 14 diciembre do 2017.

Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz en función de apoio ó Xulgado nº 1 de Vigo, o procedemento nº 381/2017 deste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha reclamación de cantidade, pronuncio a presente sentenza. Foron partes no procedemento:

- 1.-demandante: _____, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendida pola Avogada Dona Cristina Tobío Vázquez.
- 2.-demandada: Concello de Vigo, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido polo Avogado do Concello de Vigo Don Pablo Olmos.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 27 de abril do 2017 a parte demandante presentou demanda no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo. Na mesma a demandante, logo de alegar os feitos e fundamentos de dereito que tiveron a ben, solicitou que se ditara sentenza na que se estimara a demanda e se recoñecera o dereito do demandante a percibir a cantidade de 704,34 euros en concepto de diferenzas salariais no complemento específico do ano 2016 e meses de xaneiro e febreiro do ano 2017 e a cantidade de 11.956 euros (ou subsidiariamente no caso de non estimarse ó dereito á percepción do complemento específico na contía postulada, na de 11.621,16 euros) en concepto de indemnización por extinción da relación laboral.

SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda, sinalouse para os actos de conciliación e xuízo o día 10 de novembro do 2017, data na que tiveron lugar e ós que compareceu a parte demandante, quen se ratificou nas alegacións e pretensións que constan na demanda. A demandada contestou á demanda e se opuxo á estimación da mesma polos motivos que consta na acta do xuízo oral.

Foron admitidas as probas de documental. No trámite das conclusións a parte demandante mantivo as súas pretensións e o mesmo fixo a demandada.

TERCEIRO.- O presente procedemento foi tramitado consonte as normas aplicables.

FEITOS PROBADOS

- 1.- A parte demandante, Dona Rodríguez, con DNI n° , veu prestando os seus servizos para o Concello de Vigo dende o 6 de agosto do 2008 ata o 28 de febreiro do 2017 (feitos non controvertidos).
- 2.- A demandante foi declarada persoal indefinido non fixo coa categoría de auxiliar administrativa por sentenza ditada o día 15 de marzo do 2010 polo Xulgado do Social n° 2 de Vigo no seo do procedemento 1236/2009 (documento n° 7 dos achegados coa demanda).
- 3.- Con data 24 de febreiro do 2017 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou a extinción da relación laboral entre a demandante e o Concello de Vigo, extinción con data de efectos do 28/02/2017, por cobertura regulamentaria da praza que ocupaba. Nesta resolución recoñeceulle á demandante unha indemnización de oito días de salario por ano de servizo por importe de 3.764,31 euros, indemnización calculada con base nun salario diario por importe de 61,71 euros (documento n° 8 dos achegados coa demanda pola demandante).
- 4.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou na data 23/09/2016 o acordo de revisar o réxime retributivo dos postos de traballo dos auxiliares administrativos, modificando o complemento específico que pasaba do 166 ó 159, acordando, asemade, o pagamento do novo complemento específico con efecto retroactivos dende o 1 de xaneiro do 2016. Como consecuencia desta modificación á demandante lle correspondería percibir un salario diario de 64,71 euros (documentos n° 1, 2 e 8 dos achegados pola demandada no período probatorio, nóminas coas bases de cotización achegadas pola demandante).
- 5.- Foi esgotada a vía administrativa previa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Consonte o contido do artigo 97.2 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, os anteriores feitos probados resultan do meu exame e valoración da proba que foi practicada no acto do xuízo, conforme ás regras da san e imparcial crítica, efectuada en relación con cada un dos medios de proba e, fundamentalmente, da proba documental achegada por ambas partes.

No que atinxe ó salario diario da demandante, e que servirá tanto para resolver a reclamación no que atinxe ó importe da indemnización como a das diferenzas no que atinxe ó complemento específico, o devandito salario obtense examinado a base de cotización da demandante, tendo en conta que no ano 2016 percibiu retribucións non salariais e as cantidades en materia de complemento específico recoñecidas polo propio



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZIA

Concello de Vigo nos documentos que achegou o propio Concello no período probatorio.

SEGUNDO.- Tendo en conta o salario diario de 64,71 euros determinado no relato dos feitos probados desta resolución, compre resolvermos en primeiro lugar a indemnización que lle corresponde á demandante por causa da extinción da relación laboral que, como indefinida non fixa, mantíña co Concello de Vigo por causa da cobertura regulamentaria da praza que ocupaba.

Neste senso o Tribunal Supremo na súa sentenza do 9 de maio do 2017, que reitera o que xa establecera na sentenza do 28 de marzo do 2017, indica que: "Tal como hemos señalado, la ausencia de un régimen jurídico propio del contrato indefinido no fijo, que el EBEP se ha limitado a reconocer sin establecer la pertinente regulación de sus elementos esenciales -en este caso, el régimen extintivo-obliga a la Sala a resolver el debate planteado en torno a la indemnización derivada de la extinción de tal contrato, cuando la misma se produce por la cobertura reglamentaria de la plaza. En este sentido, acudiendo a supuestos comparables, es acogible la indemnización de veinte días por año de servicio, con límite de doce mensualidades, que establece el artículo 53.1-b) del ET en relación a los apartados c) y e) del artículo 52 del mismo texto legal para los supuestos de extinciones contractuales por causas objetivas. La equiparación no se hace porque la situación sea encajable exactamente en alguno de los supuestos de extinción contractual que el referido artículo 52 ET contempla, por cuanto que ese encaje sería complejo, sino porque en definitiva la extinción aquí contemplada podría ser asimilable a las que el legislador considera como circunstancias objetivas que permiten la extinción indemnizada del contrato".

Xa que logo, procede estimarmos parcialmente a pretensión da demandante calculando a indemnización por extinción da relación laboral consonte ó salario indicado de 64,71 euros por día, o que ofrece un resultado de 11.108,55 euros. Desta cantidade debe deducirse o que xa percibira a demandante como consecuencia da extinción da que tratamos.

TERCEIRO.- No que atinxe á reclamación de cantidade por diferenzas no complemento específico, do documento nº 2 dos achegados polo demandado e do salario diario establecido nesta resolución despréndese que a demandante ten dereito a percibir unha cantidade incluso maior que a que reclama. En virtude do principio de congruencia debemos estimar a súa reclamación na cantidade de 704,34 euros.

Dado que esta cantidade constitúe salario, compre, consonte ó contido do artigo 29.3º do Estatuto dos Traballadores, condenarmos ó demandado a facerlle pagamento á demandante ós xuros da devandita cantidade, que constitúe salario, liquidados ó tipo do 10 % anual.

CUARTO.- Contra a presente resolución cabe interpor recurso de suplicación, á vista da contía da pretensión (tal como establece o artigo 191.1 da Lei Reguladora da Xurisdición Social), do que se advertirá ás partes.

DAQUELA

XULGO

ESTIMO parcialmente a demanda presentada por
contra o Concello de Vigo.

CONDENO ó Concello de Vigo a facerlle pagamento á demandante da cantidade de 11.108,55 euros en concepto de indemnización, da que deberá deducirse a que xa percibira a demandante en tal concepto.

CONDENO ó Concello de Vigo a facerlle pagamento á demandante da cantidade de 704,34 euros en concepto de diferenzas salariais, cantidade que devengará xuros moratorios liquidados ó tipo do 10 % anual.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndolles saber que contra a mesma cabe recurso de suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Así, por esta a miña Sentenza, pronúncioo, mando e asino.